



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|----------|--------------------|---|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Dereito Procesual Penal | | Código | 612G01028 |
| Titulación | Grao en Dereito | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| 1º e 2º Ciclo | 2º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Dereito Público | | | |
| Coordinación | Soto Díaz, David José | | Correo electrónico | david.sdiaz@udc.es |
| Profesorado | Anguita Juega, Luis Ferreiro Baamonde, Xulio Rodríguez Franco, Jimena Soto Díaz, David José | | Correo electrónico | luis.anguita.juega@udc.es xulio.ferreiro@udc.es jimena.rodriquez@udc.es david.sdiaz@udc.es |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A docencia que se imparte nesta materia persegue, principalmente, a adquisición polo estudante dun grao axeitado de coñecementos sobre as principais institucións do proceso penal. Concretamente: a) Os principios constitucionais relativos ao Proceso penal; b) A tutela xudicial efectiva; c) A función do Dereito procesual penal como instrumento na aplicación do ius puniendi estatal e na protección dos dereitos do imputado e da vítima; d) O procedemento preliminar; e) O xuízo oral; f) O sistema de recursos; g) Os procesos especiais; h) A execución penal. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecemento das principais institucións xurídicas. |
| A2 | Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais. |
| A4 | Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos. |
| A5 | Coñecemento dos principios e valores constitucionais. |
| A7 | Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional. |
| A8 | Coñecementos básicos de argumentación xurídica. |
| A9 | Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais). |
| A10 | Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico. |
| A11 | Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos. |
| A12 | Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público). |
| A13 | Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito. |
| A14 | Capacidade de elaboración de normas. |
| A15 | Capacidade de negociación e mediación. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| B3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| B5 | Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| B7 | Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| B8 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora. |
| B9 | Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida. |
| B10 | Traballar de forma colaborativa. |
| B11 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |



| | |
|-----|--|
| B12 | Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro. |
| B13 | Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------------------------------|-----|----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais. | A1 | B2 | C3 |
| Coñecemento dos principios e valores constitucionais. | A2 | B3 | C4 |
| Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional. | A4 | B5 | C7 |
| | A5 | | |
| | A7 | | |
| | A8 | | |
| Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais). | A9 | | C2 |
| Capacidade de interpretar e analizar críticamente o ordenamento xurídico. | A10 | | |
| Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos. | A11 | | |
| Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público). | A12 | | |
| Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito. | A13 | | |
| Capacidade para ler, comprender e redactar textos xurídicos en inglés. | A14 | | |
| Capacidade de elaboración de normas. | | | |
| Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | A15 | B7 | |
| | | B8 | |
| Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora. | | B9 | |
| Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida. | | B10 | |
| Traballar de forma colaborativa. | | B11 | |
| Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. | | B12 | |
| Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro. | | B13 | |
| Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión. | | | |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |



| | |
|-----------------|---|
| O proceso penal | <p>1ª.- Os sistemas procesuais penais e os principios do proceso penal</p> <p>2ª.- A Xurisdicción e a competencia</p> <p>3ª.- As partes no proceso penal</p> <p>4ª.- O obxecto do proceso penal</p> <p>5ª.- O procedemento preliminar (sumario e dilixencias previas).</p> <p>6ª.- Os actos de investigación</p> <p>7.- As medidas cautelares</p> <p>8ª.- O xuízo oral e o sobresemento</p> <p>9ª.- A acusación, a defensa, a conformidade do acusado e a tese de desvinculación</p> <p>10ª.- A proba</p> <p>11ª.- A sentenza e a cousa xulgada</p> <p>12ª.- Os medios de impugnación</p> <p>13ª.- Outros procedementos: o abreviado, o procedemento para o axuizamento rápido de determinados delitos, o procedemento para o xuizo sobre delitos leves e o procedemento diante do Tribunal do Xurado</p> |
|-----------------|---|

| Planificación | | | | |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Estudo de casos | A1 A2 A4 A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B7 B8 B9 B10 B12 B13 B2 B3 B5 C2 C3 C4 C7 | 15 | 45 | 60 |
| Proba obxectiva | A1 A2 A4 A5 A7 A8 A9 A10 B7 B8 B2 C2 | 2 | 2 | 4 |
| Estudo de casos | A1 A2 A4 A5 A7 A8 B11 C4 | 40 | 40 | 80 |
| Atención personalizada | | 6 | 0 | 6 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-----------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Estudo de casos | <p>Durante o curso proporanse ao estudiantado diversos supostos de feito co obxectivo de reforzar a aprendizaxe e contribuír á avaliación. Estes supostos prácticos poderán consistir en dous tipos fundamentais:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Análise de textos xurídicos ou con contido xurídico. Proporase neste caso a lectura dalgún traballo doutrinal ou académico, ou mesmo literario ou cinematográfico (visionado), ao obxecto de identificar e comentar os diferentes problemas xurídicos que se podan atopar no mesmo e propiciar a discusión sobre principios ou institucións claves do dereito procesual penal. 2. Resolución de casos prácticos. A partir dalgún suposto de feito, solicitarase a análise dos aspectos xurídico-procesuais-penais do mesmo, e a resolución das cuestións planteadas, ben sexa directamente, ben sexa a través da redacción dun escrito procesual (querela, recurso, sentenza, etc.). <p>A resolución destes traballos poderá propoñerse individualmente ou en equipo.</p> <p>Trala entrega dos mesmos polo alumnado ao profesor/a, procederase á discusión na aula.</p> |



| | |
|-----------------|--|
| Proba obxectiva | Para a avaliación da aprendizaxe efectuarase cando menos unha proba de carácter obxectivo, que poderá conter dúas partes separadas, unha primeira de análise dos contidos teórico-prácticos da materia, a través dun exame tipo test, e unha segunda - opcional - de carácter práctica, a través da resolución dun caso práctico na aula durante o tempo de duración da proba- . |
| Estudo de casos | As principais cuestións teóricas e prácticas do curso serán introducidas a través da explicación do profesor/a na aula, onde se exporán as súas características principais, o seu encadre na arquitectura institucional do proceso penal e as implicacións prácticas máis relevantes. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|--|
| Estudo de casos Estudo de casos Proba obxectiva | A atención personalizada ao estudiantado está recomendada, durante os horarios de titoría e a través da plataforma on-line Teams ou campus virtual, tanto para a resolución dos casos prácticos, como para a resolución de dúbidas de cara á preparación da proba obxectiva final. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-----------------|--|--|---------------|
| Estudo de casos | A1 A2 A4 A5 A7 A8 B11 C4 | O profesorado poderá ter en conta a asistencia activa do alumnado na aula a efectos de mellorar a súa calificación. | 5 |
| Estudo de casos | A1 A2 A4 A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B7 B8 B9 B10 B12 B13 B2 B3 B5 C2 C3 C4 C7 | Os diferentes casos prácticos propostos serán entregados por escrito e avaliados polo profesorado, supoñendo ata o 30% da calificación final do alumnado. | 30 |
| Proba obxectiva | A1 A2 A4 A5 A7 A8 A9 A10 B7 B8 B2 C2 | O curso concluirá cunha proba obxectiva, que poderá constar de dúas partes, unha teórico-práctica e a resolución dun caso práctico. Esta proba poderá supor ata o 60% da calificación final. | 65 |
| Outros | | | |

Observacións avaliación

| |
|--|
| <p>Para a superación da materia será requisito imprescindible aprobar a proba mixta (nota igual ou superior a 5.0). A nota resultante servirá para facer a media ponderada co resto das cualificacións. En caso de non aprobarse a proba mixta, a nota final será a que se obteña nesta.</p> <p>Na segunda oportunidade manterase a nota da parte práctica da primeira oportunidade.</p> <p>O alumnado con dispensa académica deberá presentar as prácticas puntual e regularmente por escrito, logo de xustificar a situación de dispensa.</p> <p>O exame será tipo test e conterá entre 20 e 40 preguntas, con catro opcións. As respostas erróneas restarán.</p> <p>En caso de plaxio ou de realización de traballos utilizando ferramentas de intelixencia artificial na parte práctica, suspenderase a asignatura na convocatoria ordinaria, cunha cualificación de suspenso (nota numérica 0).</p> |
|--|

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | Bibliografía básica: - PÉREZ-CRUZ MARTÍN, A.J. et al.: Derecho Procesal Penal, 2ª edición, Tirant lo Blanch. Valencia, 2023 (Grupos en galego/castelán)- Lei de Xuizamento criminal e lexislación complementaria. |
| Bibliografía complementaria | - ASENCIO MELLADO, J.M., et al. (2020). Derecho Procesal Penal 2ª Edición. Tirant Lo Blanch - GIMENO SENDRA, V., et al. (2021). Derecho procesal penal. Tirant Lo Blanch - NIEVA FENOLL, J. (2022). Derecho procesal III Proceso Penal. Tirant Lo Blanch - SALORIO DÍAZ, J. (2024). Curso de Derecho procesal penal. Colex |



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito Penal. Parte xeral/612G01010

Constitución e poder xudicial/612G01014

Dereito Penal. Parte especial/612G01025

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías